


ANEXO III
Grao de parentesco



CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

Orde do 22 de decembro de 2008 pola que se convocan as subvencións que se poderán outorgar no exercicio 2009 ao abeiro do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, que regula o programa de vivenda en aluguer.

O Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, modificado polo Decreto 223/2006, do 23 de novembro e polo Decreto 63/2008, do 13 de marzo, polo cal se regula o programa de vivenda en aluguer, constitúe o marco normativo polo cal se regulan as subvencións para o arrendamento e a rehabilitación de vivendas que se incorporen e aluguen no marco do citado programa na nosa comunidade autónoma.

O seu artigo 3.2º dispón que estas subvencións se atenderán a través de convocatorias anuais polas cales se cuantificarán as disponibilidades orzamentarias que se poidan consignar para cada exercicio.

Tanto o procedemento de concesión das subvencións que se outorgarán ao abeiro desta convocatoria como a normativa que o regula suxéitanse ao establecido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A súa disposición derradeira primeira faculta a conselleira de Vivenda e Solo para ditar, no marco das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación do referido decreto.

En uso da referida autorización,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Dispoñibilidade económica.

Para os efectos do disposto no artigo 3.2º do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, determínase:

1. A aplicación do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 e 2010 onde figuran os créditos con cargo aos cales serán atendidas as subvencións ao arrendamento do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, é a 17.01.451B.480.1.

2. A aplicación do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, onde figuran os créditos con cargo aos cales serán atendidas as subvencións para a rehabilitación de vivendas e posterior arrendamento dentro do programa de vivenda en aluguer do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, é a 17.01.451A.780.1

3. O importe máximo das subvencións ao arrendamento que se poderán outorgar dentro do exercicio orzamentario de 2009 será de 9.328.253, 89 €, do cal como máximo se imputará ao exercicio 2009 a cantidade de 4.902.757,83 € e, ao exercicio orzamentario 2010 a cantidade de 4.425.496,06 €.

4. O importe máximo das subvencións para a rehabilitación de vivendas e posterior arrendamento que se poderán outorgar dentro do exercicio orzamentario de 2009 será de 2.900.000 €.

5. De conformidade co establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, o outorgamento destas subvencións queda supeditado á existencia de crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas derivadas da súa concesión.

6. O importe máximo destas subvencións poderá incrementarse en función das solicitudes e en función das dispoñibilidades orzamentarias con cargo ás mesmas aplicacións. De producirse incremento nas dotacións orzamentarias destinadas á concesión destas subvencións publicarase no *Diario Oficial de Galicia* o importe polo cal resultarán finalmente dotadas as aplicacións que as financian.

Artigo 2º.-Solicitudes de subvención ao arrendamento.

1. Asinado o contrato de arrendamento no marco do programa regulado no Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, o inquilino poderá solicitar a subvención ao aluguer regulada nel. Este trámite poderase realizar mediante o modelo de solicitude de subvención recollido como anexo desta orde.

2. As solicitudes de subvención para o arrendamento reguladas no Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, poderán presentarse do 1 de xaneiro ata o

10 de decembro de 2009 no rexistro da Consellería de Vivenda e Solo ou no das súas delegacións provinciais.

3. Neste exercicio terán lugar procedementos de concesión de subvención cada mes natural, de tal xeito que as solicitudes de subvención presentadas ata o día 10 de cada mes serán resoltas antes do último día do mesmo mes.

4. As solicitudes presentadas a partir do día 10 de cada mes serán resoltas no procedemento de concesión do mes próximo.

5. A concesión da subvención producirá efectos desde o día de presentación da solicitude.

Artigo 3º.-Procedementos de concesión.

De conformidade co establecido no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e tendo en conta o procedemento de xestión e concesión destas axudas, excepciónase esta convocatoria do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, fixándose para o exercicio 2009 doce procedementos de concesión de subvencións para o arrendamento. Por cada procedemento de concesión ditarase antes do último día do mes unha resolución que conterà o importe das subvencións que se concedan en cada mes, e non se poderán superar os seguintes importes:

Meses	Importe exercicio 2009	Meses	Importe exercicio 2010
Xaneiro-décembro	523.389,41 €	Xaneiro	4.189,50 €
Febreiro-décembro	704.960,39 €	Xaneiro-febreiro	66.265,15 €
Marzo-décembro	631.542,69 €	Xaneiro-marzo	129.344,04 €
Abril-décembro	655.395,84 €	Xaneiro-abril	221.961,32 €
Maio-décembro	574.054,19 €	Xaneiro-maio	291.591,09 €
Xuño-décembro	563.876,73 €	Xaneiro-xuño	408.704,43 €
Xullo-décembro	391.205,25 €	Xaneiro-xullo	398.032,24 €
Agosto-décembro	264.057,65 €	Xaneiro-agosto	372.012,80 €
Setembro-décembro	192.001,74 €	Xaneiro-setembro	390.499,81 €
Outubro-décembro	195.041,58 €	Xaneiro-outubro	592.377,21 €
Novembro-décembro	130.983,96 €	Xaneiro-novembro	666.815,99 €
Décembro	76.248,41 €	Xaneiro-décembro	883.702,50 €
Totais	4.902.757,83 €	Totais	4.425.496,06 €

Artigo 4º.-Solicitudes de subvención para a rehabilitación.

De conformidade co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e tendo en conta o procedemento de xestión e concesión destas axudas, excepciónase esta convocatoria do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos.

As solicitudes de subvención para a rehabilitación reguladas no Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, poderán presentarse desde o 1 de xaneiro ata o 15 de decembro de 2009 no rexistro da Consellería de Vivenda e Solo ou no das súas delegacións provinciais.

Artigo 5º.-*Documentación.*

A solicitude de novas subvencións ao arrendamento, unha vez esgotados os doce meses da que tiñan concedida, exixirá a presentación de toda a documentación requirida nos artigos 3 e 5 da orde de desenvolvemento do Decreto 48/2006. Esta documentación presentarase dentro dos dez primeiros días dos trinta anteriores ao do vencemento da anterior subvención.

Disposición adicional

Única.-Incorporadas ao programa un número de vivendas con obras de rehabilitación que poidan

comprometer o crédito que sustenta a concesión das subvencións para a rehabilitación, denegarase a incorporación ao programa de vivendas que precisen as obras ata a seguinte convocatoria anual.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2008.

Teresa Táboas Veleiro
Conselleira de Vivenda e Solo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓN PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS: PROGRAMA DE VIVENDA EN ALUGUER	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VI431E	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS PERSOAIS DO/A SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	DNI	
ENDEREZO			
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

EXPÓN:

Que ten cedida e alugada unha vivenda dentro do programa de vivenda en aluguer, situada na localidade

rúa , nº , piso , letra ,

Que o número de expediente do contrato é:

Polo tanto, e reunindo os requisitos establecidos no Decreto 48/2006, do 23 de febreiro,

SOLICITA:

A subvención para a rehabilitación do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro.

DOCUMENTOS QUE DEBEN PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE

A) COPIA DE NOTIFICACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO AO ABEIRO DO PROGRAMA DE VIVENDA EN ALUGUER.

Declaro baixo a miña responsabilidade que cumpro os requisitos establecidos na normativa reguladora desta subvención, na orde de convocatoria e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser beneficiario desta.

Autorizo expresamente a Xunta de Galicia para incluír e facer públicos nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos a esta axuda, así como, se é o caso, as sancións que poidan ser impostas.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, polo que se regula o programa de vivenda en aluguer.
- Orde do 22 de xuño de 2006, pola que se regula a xestión das vivendas, procedemento de adxudicación e concesión das subvencións no Programa de vivenda en aluguer.
- Orde do 22 de decembro de 2008 pola que se convocan as subvencións que se poderán outorgar no exercicio 2009 ao abeiro do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, que regula o programa de vivenda en aluguer.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

, de de

Conselleira de Vivenda e Solo

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

____/____/____

DATA DE EFECTOS

____/____/____

DATA DE SAÍDA

____/____/____



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓN PARA O ALUGUER DE VIVENDAS: PROGRAMA DE VIVENDA EN ALUGUER	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VI431F	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS PERSOAIS DO/A SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	CIF	
ENDEREZO			
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

EXPÓN:

Que ten alugada unha vivenda dentro do programa de vivenda en aluguer, situada na localidade _____ rúa _____ nº _____, piso _____, letra _____, Que o número de expediente de contrato é: _____

Que a vivenda se destina a residencia habitual e permanente do inquilino.

Que a unidade convivencial ten ingresos de entre 0,7 ata 3 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).

Que pertence a algún dos grupos de beneficiarios cualificados regulados no Decreto 48/2006, do 23 de febreiro.

Polo tanto, e reunidos os requisitos establecidos no Decreto 48/2006, do 23 de febreiro,

SOLICITA:

A subvención para o aluguer prevista no referido decreto

DOCUMENTOS QUE DEBEN PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE

A) COPIA DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona _____ de estado civil _____ veciño/a de _____ con domicilio en _____ provisto de documento nacional de identidade nº _____

Arrendatario/a da seguinte vivenda:

Localidade _____, rúa _____ tipo _____, andar _____ expediente (se é o caso) _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que na vivenda alugada van residir _____ persoas.

Que se compromete a destinar a vivenda alugada a residencia habitual e permanente.

Que non ten concedida ningunha outra subvención para o aluguer.

Que non existe vínculo ningún de consanguinidade ata o terceiro grao nin de afinidade ata o segundo grao co arrendador da vivenda.

Que non posúe ningunha facultade efectiva de uso doutra vivenda.

Que todos os datos achegados xunto coa solicitude son certos.

Que cumpre os requisitos establecidos na normativa reguladora desta subvención, na orde de convocatoria e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser beneficiario dela.

E para que así conste, asino esta solicitude:

_____, de _____ de _____

(Sinatura)

Autorizo expresamente a Xunta de Galicia para incluír e facer públicos nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos a esta axuda, así como, se é o caso, as sancións que poidan ser impostas.

LEXISLACIÓN APLICABLE

-Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, polo que se regula o programa de vivenda en aluguer.
-Orde do 22 de xuño de 2006 pola que se regula a xestión das vivendas, procedemento de adjudicación e concesión das subvencións no Programa de vivenda en aluguer.
-Orde do 22 de decembro de 2008 pola que se convocan as subvencións que se poderán outorgar no exercicio 2009 ao abeiro do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, que regula o Programa de vivenda en aluguer.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

_____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA